

DEREITO INDIVIDUAL

LIDIA GIL OTERO
Profesora Axudante Doutora de Dereito do Traballo e da
Seguridade Social
Universidade de Santiago de Compostela (España)
lidia.gil.otero@usc.es

Palabras chave: conciliación; adaptación; fixo discontinuo; igualdade; non discriminación; enfermidade; discapacidade; indefinido non fixo.

Keywords: work-life balance; adaptation; permanent seasonal contract; equality; non discrimination; disease; disability; working having contract of indefinite duration but non permanent.

Palabras clave: conciliación; adaptación; fijo discontinuo; igualdad; no discriminación; enfermedad; discapacidad; indefinido no fijo.

Esta recompilación xurisprudencial recolle nove sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditadas no segundo semestre de 2024, relativas ao dereito individual do traballo. Nelas preséntanse formulacións de interese doutrinal e xurisprudencial relativas á adaptación de xornada por conciliación da vida persoal e familiar, o dereito á igualdade e non discriminación por razón de xénero, enfermidade e discapacidade, a contratación fixa-discontinua e a figura doutrinal do indefinido non fixo.

1. DESPIDO E INDEMNIZACIÓN ADICIONAL FUNDAMENTADA NO CONVENIO 158 DA OIT E A CARTA SOCIAL EUROPEA: SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA DE 4 DE DECEMBRO DE 2024 (REC. 4833/2024)

Tan só quince días antes de que o Tribunal Supremo fixase a súa doutrina sobre a posibilidade de fixar unha indemnización adicional á establecida no Estatuto dos Traballadores nos supostos de despedimento improcedente (sentenza do 15 de decembro de 2024) o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia resolvía un asunto que lle obrigou a pronunciarse sobre esa mesma cuestión.

No asunto concreto resolto polo tribunal galego, este rexeitou a petición de indemnización adicional da traballadora despedida debido ás circunstancias concretas do caso. A empresa demandada despedirá á traballadora en novembro de 2023 alegando, na carta de despedimento, unha presunta infracción por parte desta do art. 54.2 e) do Estatuto dos Traballadores, recoñecendo a continuación a improcedencia do despedimento e a posta a disposición da indemnización fixada polo art. 56 do ET, é dicir, trinta e tres días de salario por ano de servizo. Debido á escasa antigüidade da traballadora, que entrara na empresa en abril dese mesmo ano, a indemnización non era cuantiosa: 843.33 euros.

Na demanda formulada pola traballadora contra a decisión extintiva, esta solicitaba unha indemnización complementaria e reparadora do perxuízo causado de 6.000 euros atendendo á duración do contrato e a súa idade. Fundamentaba tal petición nun precepto que, ao seu xuízo, se infrinxiran no seu caso. Tratábase do artigo 10 do Convenio 158 da Organización Internacional do Traballo, que esixe o pago dunha indemnización adecuada ou outra reparación apropiada cando os órganos xudiciais 1) cheguen á conclusión de que a terminación da relación de traballo é inxustificada; e 2) en virtude da lexislación ou práctica nacional, non estén facultados ou non consideren posible, dadas as circunstancias, anular a terminación e eventualmente ordear ou propoñer a readmisión do traballador ou da traballadora. Tras a desestimación da súa demanda en primeira instancia, o TSX de Galicia tivo que

examinar as cuestións prantexadas pola traballadora. De feito, a pesares de que a traballadora non citara como infrinxido o art. 24 da Carta Social Europea, o tribunal galego si trouxo a colación o precepto pola súa relación directa coa cuestión, pues dito artigo tamén recoñece o dereito dos traballadores despedidos sen unha razón válida a unha indemnización adecuada.

O pronunciamiento do tribunal galego xirou en torno a qué se debe considerar "indemnización adecuada" á luz dos dous preceptos anteriores, advertindo, con todo, a dificultade de dar esa resposta "a falta de doutrina ao respecto emanada do Tribunal Supremo". O TSX de Galicia acudiu á doutrina sentada por el noutras sentencias do mesmo año partindo de tres premisas. En primeiro lugar, que o sistema de indemnizacións tasado do art. 56 do Estatuto dos Traballadores foi considerado conforme ao Convenio 158 da Organización Internacional do Traballo por parte do Tribunal Constitucional (Auto 43/2014, de 12 de febreiro), pois o art. 10 do citado convenio insiste na indemnización adecuada como unha posibilidade máis, sendo o lexislador o que debe valorar especificamente as situacións nas que a decisión extintiva conleve un dano cualificado por ser discriminatorio ou implicar una violación de dereitos fundamentais e liberdades públicas. En segundo lugar, que a indemnización prevista polo art. 56 del ET cuantifica o valor do traballo perdido en atención a criterios obxectivos de antigüidade, salario e data de cese, cun módulo de 33 días que, "si ben historicamente foi superior, tampouco pódese considerar, en termos xerais, como un módulo insuficiente". En último lugar, que os órganos xudiciais deben integrar o control de convencionalidade á hora de enxuiciar e interpretar as normas internas tendo en conta os textos internacionais, pero elo non debe implicar que todos los casos nos que se aplique o art. 56.1 del ET conleven, directamente, a infracción do art. 24 da Carta Social Europea. A xuízo do tribunal, son dous os presupostos a tomar en consideración a efectos de posibilitar unha indemnización adicional: ou ben se aprecie unha indemnización dunha cuantía manifestamente insuficiente en relación cos perxuízos causados á persoa traballadora o cos dereitos fundamentais

vulnerados polo despedimento abusivo, ou ben a indemnización non resulte disuasoria en atención ás circunstancias por un exercicio fraudulento ou abusivo da decisión extintiva.

Trasladando tales parámetros ao caso concreto, o TSX de Galicia entendeu que non había motivos para estimar a procedencia da indemnización adicional porque a empresa actuara conforme ao previsto legalmente e “sen motivos espurios”, recoñecendo a improcedencia do despedimento e poñendo a disposición da traballadora a indemnización fixada pola ley, porque aquela non chegou a explicar cales eran os danos ou perxuízos concretos sufridos nin que a empresa vulnerase algún dos seus dereitos fundamentais. Esas dúas circunstancias e, en concreto, a falta de concreción da traballadora na súa demanda levaron á desestimación do recurso. O tribunal galego reafirmou a súa doutrina respecto á adecuación do Estatuto de los Trabajadores aos textos internacionais en materia indemnizatoria nunha línea similar á seguida polo Tribunal Supremo días despois, que declarou a validez da indemnización tasada segundo o Convenio 158 da Organización Internacional do Traballo. Será necesario esperar para saber cal é o criterio deste último tribunal respecto algo que xa adiantou o tribunal galego na sentenza comentada: a validez da indemnización respecto do art. 24 da Carta Social Europea, tendo en conta, ademáis, as Resolucións do Comité de Dereitos Sociais do Consello de Europa.

2. MEDIDAS EN CUMPRIMENTO DOS PROTOCOLOS ANTI-ACOSO: SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA DE 8 DE NOVEMBRO DE 2024 (REC. 4188/2024)

As situacións de acoso laboral e, en concreto, de acoso laboral por razón de xénero, foron evitadas e erradicadas nun número significativo de empresa grazas a instrumentos coma os protocolos anti-acoso. Estes últimos no só teñen como finalidade combatir os eventos de acoso, senon tamén previlos, para eliminar riscos psicosociais e asegurar un ambiente de traballo seguro. Ambas función, de prevención e protección das vítimas, son os eixes que deben guiar a

actuación da empresa á hora tanto de activar o protocolo como de cumprir o acordado tras a súa activación, pois, de existir incumprimentos neste último ámbito, córrese o risco de devaluar a eficacia do protocolo e, o que é máis importante, facer revivir á vítima a situación que lle levou a pedir auxilio.

A necesaria convivencia das dúas finalidades dos protocolos anti-acoso plásmase á perfección na sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 8 de novembro de 2024 (rec. 4188/2024), na que o tribunal condenou á empresa demandada por non facer un cumprimento efectivo das medidas adoptadas tras a previa activación dun protocolo, destacando, ademáis, a responsabilidade de aquela no deseño e construción de sistemas automatizados que poidan interferir na estricta observancia do protocolo.

En decembro de 2021, tras uns escenarios de vexacións e intimidacións por parte dun compañeiro, a traballadora, vixiante de seguridade, solicitou a activación do protocolo anti-acoso da empresa. Días despois, o xefe do servizo de prevención atendeu a solicitude da traballadora e comunicou a activación ao comité de seguridade e saúde, no que se realizou unha investigación dos feitos e se adoptaron medidas cautelares que, tras a finalización do procedemento, se convertiron en definitivas. A medida máis destacada foi a non coincidencia da vítima e o outro traballador implicado nas quendas. Con todo, nos anos 2022 e 2023 a traballadora observou como en repetidas ocasións os cuadrantes non respetaban a medida acordada e as quendas dunha e outro eran coincidentes. Para evitar todo tipo de encontros, era a propia traballadora la que, tras recibir os cuadrantes, intentaba cambiar o turno con algún dos seus compañeiros. Porén, houbo ata dúas ocasións nas que traballador e traballadora compartiron quenda, Segundo a empresa, unha desas ocasións foi debida a unha ausencia de outro compañeiro da empresa, que tivo que ser cuberta polo traballador implicado no protocolo, por ser o único dispoñible. Nese suposto en concreto, o responsable do quenda ofreceulle á traballadora a posibilidade de ausentarse do seu posto, computando o tempo de ausencia como tempo de traballo, pero esta decidiu seguir prestando os seus servizos.

Tras os eventos anteriores, a traballadora foi diagnosticada cun trastorno de ansiedade xeneralizada e demandou á empresa por vulneración de dereitos fundamentais, solicitando que dese cumprimento efectivo ao acordado en execución do protocolo anti-acoso y que a indemnizase cun total de vinte mil euros.

Desestimada a pretensión da traballadora en primeira instancia, o TSX de Galicia mantivo unha postura contraria, dividindo a secuencia de feitos en dous momentos temporais. O primeiro momento temporal relevante, a xuízo do tribunal, foi a activación por parte da empresa do protocolo anti-acoso. Segundo o órgano xudicial, naquel primeiro momento a conducta da empresa foi irreprochable, pois o protocolo non só era accesible, senon que o procedemento levarase a cabo de maneira imparcial, profesional e seria, adoptando medidas satisfactorias para ambas partes nunha situación que, como no caso concreto, non era constitutiva dun delito. Segundo o tribunal, os feitos que deron lugar á activación xa prescribían, pero tal circunstancia non impedía que aqueles puidiesen ser examinados para valorar o segundo momento temporal relevante no caso: o non cumprimento das medidas adoptadas tras a activación do protocolo e, en concreto, a coincidencia da traballadora e o trabajador en diferentes quendas. O tribunal afirmou que, na medida en que as vexacións iniciais eran constitutivas de acoso, pois creaban un entorno degradante e humillante para a vítima, e estaban vinculados co protocolo activado, o incumprimento do pactado implicaba unha vulneración dos dereitos fundamentais da vítima, porque revictimizouna e obrigouna a revivir a situación pola que pasou. Ademais, segundo o tribunal, a conducta da empresa desvirtuou o carácter preventivo do protocolo fronte ao resto de trabajadores y trabajadoras, xa que estes non confiarían no protocolo se lles sucedese unha situación similar no futuro.

O tribunal reprochou á empresa que non incorporase instrucións que evitasen a coincidencia dos trabajadores implicados nas quendas. Dos feitos dedúxose que os cuadrantes eran elaborados, con toda probabilidade, a través dun sistema automatizado. Con todo, a xuízo do Tribunal, esa elaboración “automatizada” non era excusa suficiente. Un

responsable humano debía ter supervisado os resultados do algoritmo antes de enviar os cuadrantes aos traballadores, pois o simple feito de recibir os cuadrantes nos que figuraba a coincidencia entre o traballador e a traballadora colocaba a esta última nunha situación de dobre victimización, tendo que ser ela incluso a que soporte a carga de decidir cómo actuar para evitar encontrarse co outro traballador.

O tribunal sinalou como responsable único da vulneración dos dereitos fundamentais da traballadora á empresa e eximiu de responsabilidade ao traballador agresor, así como ao supervisor do servizo, pois no se considerou probado que algún deles tivese algo que ver no incumprimento da medida de non coincidencia. Aínda que as coincidencias podían ter sido detectadas e evitadas por parte do supervisor do servizo, o Tribunal destacou que non se lle podía esixir responsabilidade algunha debido a unha “evidente falta de formación en riscos psicosociais e de información acerca de como actuar nesas situacións, o que non é imputable máis que á propia empresa”.

Constatada a vulneración do Dereito á integridade moral da traballadora e a infracción por parte da empresa do art. 15 da Constitución Española, o tribunal condenou á empresa a abonar unha indemnización de vinte mil euros, valorando, para tal cuantificación, os dous efectos que produxo o incumprimento das medidas acordadas tras a activación do protocolo: a revictimización da traballadora e a devaluación da efectividade do protocolo anti-acoso fronte ao resto de traballadores y traballadoras.

3. ADAPTACIÓN E AXUSTES RAZOABLES NO POSTO DE TRABAJO DAS PERSOAS DISCAPACITADAS: SENTENZAS DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA DE 10 DE XULLO DE 2024 (REC. 2487/2024) E DE 4 DE DECEMBRO DE 2024 (REC. 5577/2024)

No noso ordeamento xurídico son abundantes os textos internacionais que procuran a inserción real das persoas discapacitadas e, en concreto, a súa protección na prestación de servizos. A Directiva 2000/78/CE obriga aos empresarios a realizar axustes razoables nos postos de traballo das persoas discapacitadas para garantir a observancia do

principio de igualdade e permitir que formen parte do emprego ou progresen profesionalmente (art. 5). De feito, o art. 6.1 a) da Lei 15/2022, de 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación califica como discriminación indirecta a denegación dos devanditos axustes, entendidos estes como toda modificación ou adaptación necesaria e adecuada do ambiente físico, social e atitudinal para facilitar a accesibilidade e a participación.

Con todo, consciente de que tal obriga pode implicar un coste excesivo para o empresario e, con elo, un desincentivo á contratación de persoas con discapacidade, os mesmos textos exceptúan a obriga cando se acredite que as medidas de adaptación supoñen unha carga excesiva, desproporcionada ou indebida para o empresario.

Como consecuencia dos dous intereses contrapostos, a doutrina xudicial dedicou páxinas e páxinas tanto a delimitar que se debe entender por axuste razoable como a clarificar en qué supostos unha medida de adaptación ou axuste pode implicar unha carga desproporcionada para o empresario. Bo exemplo de ambos extremos é a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 10 de xullo de 2024 (rec. 2487/2024).

No caso obxecto do litixio, a traballadora, profesora de educación secundaria, tiña recoñecido un 35% de discapacidade sensorial debido á miopía magna bilateral que padecía e lle provocaba mala visión nocturna e dificultades para calcular as distancias, entre outros aspectos. Tales padecementos impedíanlle conducir ou traballar en ambientes con pouca luz, segundo os diferentes informes médicos. De feito, o servizo de prevención declarou á traballadora apta con restricións laborais, recomendando un traballo en horario diurno, evitar xornadas partidas e impartir docencia en aulas con boa iluminación e próximas entre sí a través de ascensor.

Antes do comezo do curso, a traballadora solicitou ao equipo directivo do instituto que se adaptase o seu posto de traballo. En concreto, demandou realizar o seu traballo en horario diúrno, para non entrar nin saír do centro pola noite, evitando as primeiras e as últimas horas do día; que o horario fose continuado, para non desprazarse varias veces ao centro;

impartir docencia en aulas que tivesen boa comunicación e iluminación; e non realizar gardas de recreo. Días máis tarde, o centro entregou á traballadora uns horarios definitivos que non respectaban todas as peticións que realizara, salvo as de non realizar xornada partida e facilitar que as clases estivesen próximas entre si. En concreto, respecto dos horarios de entrada e saída, durante tres días á semana a traballadora tería que entrar ás 8:45h e os dous restantes saír ás 20:40h. A Inspección Educativa considerou que o centro de traballo levara a cabo en todo o posible a adaptación do posto da traballadora. Con todo, a Inspección de Traballo e Seguridade Social determinou que o empresario non garantira de maneira específica a protección da traballadora, debido a que elaborou un horario no que non tivo en conta a solicitude de adaptación da traballadora antes do inicio do curso académico. No devandito informe, a Inspección de Traballo indicou que, co curso xa iniciado, a adaptación dos horarios de entrada e saída da traballadora afectaría o horario dos demais profesores e profesoras, así como ao dos alumnos e alumnas. Así pois, o órgano inspector propuxo outra posibilidade: contratar a un novo profesor ou profesora para cubrir as horas de entrada ou de saída, implicando, iso si, dous efectos negativos. Por unha banda, a redución das horas lectivas da traballadora e a consecuente redución de xornada e salario. Por outra banda, o feito de que unha mesma materia fose impartida por dous docentes, sendo desaconsellable desde o punto de vista pedagóxico.

O último argumento apuntado pola Inspección, o relativo á carga que supoñería a adaptación do horario da traballadora, foi o que utilizou o centro para recorrer a sentenza de primeira instancia na que se lle obrigou a conceder á traballadora o horario diúrno e a indemnizala con 7.500 euros polos danos que lle causaba o incumprimento de Lei de Prevención de Riscos Laborais por parte da empresa.

A posición do centro educativo esixiu que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia tivese que interpretar a razoabilidade das medidas ou axustes solicitados pola traballadora atendendo ás características do caso. O tribunal construíu a súa sentenza partindo dunha idea clave: de acordo coa xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea

(sentenza do 11 de abril de 2013, *HK Danmark*, asunto C-335/11 e do 11 de setembro de 2019, *DW Nobel Plastiques*, asunto C-397/18), as medidas relativas ao tempo de traballo poden constituír axustes razoables do posto de traballo para as persoas con discapacidade. A xuízo do tribunal, a petición da traballadora non era excesiva, pois só solicitaba, a grandes liñas, que houbera luz cando entrara e saíse do centro. Tendo en conta que os horarios do centro son extensos (entre as 8:45h e as 22:00h), segundo o tribunal era factible tal adaptación sen que iso supuxese unha carga excesiva para o centro. Ademais, o feito de que adoptar esas medidas fose máis complicado agora, xa iniciado o curso académico, era responsabilidade única e exclusiva do centro, pois este coñecía a petición da traballadora antes de comezarse o período lectivo. Afirmou o tribunal que foi “a falta de adopción deses axustes en tempo e forma o que provocou que as mesmas medidas de axuste sexan agora máis gravosas, pois de elaborar horarios a principio de curso poderían preverse estas circunstancias, tendo en conta ademais o elevado número de profesores existente no centro e a amplitude do horario do centro”. Seguindo o mandato do art. 14 da Constitución e o disposto na Convención da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade do 13 de decembro de 2006, o tribunal concluíu que o centro discriminara á traballadora por razón da súa discapacidade ao non establecer as medidas de axuste ao principio de curso, sen necesidade de que tivese que concorrer a afectación de ningunha outra circunstancia persoal máis aló que a distinción, exclusión ou restrición dalgún dos seus dereitos. Así pois, o tribunal confirmou a sentenza de instancia, obrigando á empresa para conceder o horario solicitado pola traballadora e a abonar a indemnización por danos e prexuízos correspondente.

Sobre a extensión do deber de adaptación do posto de traballo tamén se pronuncia a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 4 de decembro de 2024 (rec. 5577/2024). No suposto de autos, o traballador demandante comezou a sufrir no ano 2022 unha lesión nas costas que levou á empresa para contactar co servizo de prevención para adaptar o seu posto de traballo. Tras un recoñecemento

médico, o servizo de prevención alleo declarou ao traballador apto con limitacións para a manipulación de cargas superiores a 15 kg, debendo evitar, ademais, posturas forzadas de columna lumbar. Ao traballador, condutor e operario de loxística, recolocóuselle en kitting tras un estudo ergonómico. Con todo, e tras pasar por diversos períodos de incapacidade temporal, foi declarado non apto en marzo de 2024 tras unha serie de recoñecementos médicos. Finalmente, o traballador foi despedido por ineptitude sobrevinda [art. 52 a) ET]. Non conforme coa decisión extintiva, o traballador demandou á empresa solicitando que o despedimento se declarase nulo ou subsidiariamente improcedente. Tras ser desestimada a súa pretensión en primeira instancia, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia deu resposta ao seu recurso de suplicación no que aquel alegaba, en síntese, que a empresa non cumprira as súas obrigacións de adaptación do posto de traballo, en virtude do art. 25.1 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, e que o despedimento debía ser cualificado como nulo por entrañar unha discriminación por razón de enfermidade, en virtude dos arts. 2.1, 4.1 e 6.1 da Lei 15/2022.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia compartiu o criterio do xulgador de instancia e considerou o despedimento procedente. Para chegar a tal conclusión, o tribunal, en primeiro lugar, interpretou o concepto de ineptitude sobrevinda á luz do Dereito comunitario; en concreto, o art. 5 da Directiva 2000/78/CE e a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza, como a sentenza do 14 de xaneiro de 2024, *Ca Na Negreta*, asunto C-631/22. Así pois, aínda que é certo que o empresario non pode adoptar unha medida extintiva da relación laboral sen realizar, con carácter previo, axustes razoables do posto de traballo, tamén é certo que o empresario non debe soportar cargas excesivas. A xuízo do Tribunal, o padecimento do traballador “era causa de incapacidade para o desempeño da súa profesión de operario de loxística, ao supoñer unha diminución das condicións físicas necesarias para o desenvolvemento do traballo en termos de normalidade, eficiencia e sen risco para a súa saúde”, sendo dita lesión “definitiva á data do despedimento tendo en conta a súa longa evolución e sen que conste

previsión de reversibilidade”. O tribunal destacou a intención da empresa de manter viva a relación laboral do traballador buscando un acomode razoable noutro posto de traballo, cumprindo así coa súa obrigaón de realizar axustes razoables, pois aquela tomou a decisión extintiva só cando, unha vez identificadas con precisión as súas limitacións concretas, non existiu posibilidade de recolocar ao traballador nun posto de traballo compatible coa súa patoloxía. Ao mesmo tempo, o tribunal considerou que non había indicios suficientes para considerar que o despedimento era discriminatorio por razón de enfermidade, confirmando así integramente a sentenza de instancia.

4. INDEFINIDO NON FIXO: INDEMNIZACIÓN TRAS TOMA DE POSESIÓN COMO PERSOAL FUNCIONARIO. SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA DE 11 DE NOVEMBRO DE 2024 (REC. 2741/2024)

A doutrina xudicial relativa á figura do indefinido non fixo non deixa de crecer, creándose un abundante corpus que analiza a orixe e as consecuencias do abuso e a contratación en fraude de lei por parte das Administracións Públicas. Co Tribunal de Xustiza da Unión Europea como novo protagonista, cada vez son máis as incógnitas que xorden respecto a a efectiva prevención e sanción do abuso, tal e como esixe a cláusula quinta do Acordo Marco da CES, a UNICE e o CEEP sobre o traballo de duración determinada (Directiva 1999/70/CE). En concreto, xorde a dúbida de se a indemnización pode considerarse unha medida adecuada mesmo nos supostos nos que o persoal indefinido non fixo acceda á mesma praza que viña ocupando, agora con condición de persoal funcionario, tras a superación do proceso selectivo.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia deu a súa opinión respecto diso na sentenza do 11 de novembro de 2024 (rec. 2741/2024). No suposto de autos, a traballadora, asistente social, levaba prestando servizos para a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia desde xaneiro de 2007, sendo recoñecida a súa condición de indefinida non fixa a través de sentencia no 2016. Anos máis tarde, a traballadora

superou o proceso selectivo para o nomeamento como persoal funcionario de carreira do corpo facultativo de grao medio e, consecuentemente, cesou no posto de traballo que viña desempeñando para tomar posesión no devandito posto, elixido de novo destino, ao día seguinte, como funcionaria de carreira.

Como consecuencia do suposto cese, a traballadora demandou á Consellería por despedimento improcedente, aínda que, posteriormente, desistiu da acción de despedimento e só interesou a condena da Consellería ao abono de 32.011,79 euros en calidade de sanción pola fraude e abuso na contratación temporal. A traballadora sostíña, noutras palabras, que a perda da condición de persoal laboral indefinido non fixo, recoñecida xudicialmente por unha contratación temporal abusiva e fraudulenta, xeraba dereito a percibir unha indemnización equivalente a vinte días por ano de servizo. Ao seu xuízo, a transformación dun vínculo temporal noutro indefinido non fixo non constituía unha sanción para os efectos da cláusula 5ª do Acordo Marco, así como tampouco o era o mantemento dun contrato non indefinido ata a cobertura, nin a superación dun proceso selectivo. A súa pretensión foi desestimada en primeira instancia, entendendo o Xulgado do Social que o feito de que a traballadora seguise prestando servizos tras superar o proceso selectivo coa condición de funcionaria non permitía considerar que tivese dereito á indemnización reclamada.

Interposto recurso de suplicación, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia compartiu a mesma posición que a sentenza recorrida e desestimou a pretensión da traballadora. A lectura atenta da sentenza mostra unha argumentación secuenciada ou en cadea na que parece non caber ningunha marxe de dúbida ou de interpretación en sentido contrario. De feito, o fallo maioritario rexeita a petición de cuestión prexudicial exposta pola parte recorrente, indicando que non existen dúbidas sobre a validez ou a interpretación das normas do dereito comunitario que lle obrighen a iso. Con todo, a existencia dun voto particular na sentenza mostra, finalmente, que o resultado que brinda a sentenza non era o único posible.

O fallo maioritario da sentenza construíuse, como xa se indicou, sobre catro grandes argumentos.

En primeiro lugar, o TSX de Galicia considerou que a transformación da relación laboral en indefinida non fixa a través da sentenza xudicial previa si era unha medida válida para facer fronte ao abuso e á fraude na contratación temporal, a partir da xurisprudencia sentada tanto polo Tribunal Supremo [STS do 25 de novembro de 2021 (rec. 2337/2020)] como polo Tribunal de Xustiza (STJ do 14 de setembro de 2016, Martínez Andrés e Castrejana López, asuntos C-184/15 e C-197/15).

En segundo lugar, o tribunal examinou se á traballadora poderíalle corresponder unha indemnización pola extinción do vínculo indefinido non fixo, independentemente da natureza sancionadora daquela. Así pois, afirmou que o persoal traballador indefinido non fixo só ten dereito a unha indemnización como a solicitada, de vinte días por ano, en dous supostos: amortización de posto de traballo a través dos arts. 51 ou 53 do Estatuto dos Traballadores ou cesamento por cobertura regulamentaria da vacante ocupada [STS do 28 de marzo de 2017 (rec. 1664/2015)]. O tribunal indicou que o caso concreto da traballadora non encaixaba en ningún dos supostos que orixinaban ese dereito a indemnización, pois non existía cesamento por cobertura regulamentaria da vacante ocupada se esta fose unha praza de persoal funcionario [STS do 12 de xaneiro de 2022 (rec. 579/2019)], dándose no caso, ademais, a particularidade de que a persoa que finalmente cubriu esa praza de persoal funcionario era a propia traballadora. A xuízo do tribunal, o sucedido non encaixaría na categoría de cesamento ou extinción, senón de conversión ou natureza xurídica da relación.

En terceiro lugar, e respecto da posible indemnización como medida para sancionar e previr o abuso e fraude na contratación temporal, o tribunal considerou que no caso concreto non procedía tal indemnización por catro motivos:

